

REDETS

A Rede Española de Axencias de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias e Prestacións do Sistema Nacional de Saúde (SNS), RedETS, está formada polas axencias ou unidades de avaliación da Administración Xeral do Estado e das comunidades autónomas, que traballan de maneira coordinada, cunha metodoloxía común e baixo o principio do recoñecemento mutuo e a cooperación.

O obxectivo xeral de RedETS é fundamentar a toma de decisións sobre a incorporación, as condicións de financiación ou desinversión e uso apropiado das tecnoloxías sanitarias, co fin de promover a equidade e a sustentabilidade do SNS.

A RedETS creouse por acordo do Consello interterritorial en 2012, co fin de promover a calidade, eficiencia e sustentabilidade en avaliación de tecnoloxías sanitarias no SNS. O seu funcionamento está regulado pola [Orden SSI/1833/2013, de 2 de outubro](#).

Axencias integrantes da RedETS:

- Servicio de Evaluación de Tecnologías Sanitarias (Osteba), País Vasco.
- Agencia de Calidad y Evaluación Sanitarias de Cataluña (AQUAS).
- Unidad de Asesoramiento Científico-técnico (Avalia-t). Agencia de Conocimiento en Salud (ACIS).
- Agencia de Evaluación de Tecnologías Sanitarias de Andalucía (AETSA).
- Instituto Aragonés de Ciencias de la Salud (IACS).
- Servicio de Evaluación y Planificación del Servicio Canario de Salud (SESCS).
- Unidad de Evaluación de Tecnologías Sanitarias (UETS) de la Comunidad de Madrid.
- Agencia de Evaluación de Tecnologías Sanitarias (AETS) del Instituto de Salud Carlos III.
- Dirección General de Cartera Básica de Servicios del Sistema Nacional de Salud y Farmacia de Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad (MSSSI).
- Dirección General de Salud Pública, del Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad (MSSSI).

Os diferentes produtos de la RedETS oriéntanse a informar e guiar as decisións de política sanitaria, xestión sanitaria, decisións clínicas participadas entre profesionais e pacientes; e as propias decisións de autocuidado de los pacientes e cuidadores. Todos estes produtos teñen en común o estar baseados no mellor coñecemento científico dispoñible.

Consulta o plan de traballo anual da Rede aquí:

<https://redets.sanidad.gob.es/informesEvaluacion/elaboracion/home.htm>